

Xornada

ADECUACIÓN EFECTIVA E AXUSTES RAZOABLES EN ACCESIBILIDADE NAS EMPRESAS 26 de novembro de 2019

PROGRAMA

09.50 h: Recepción de asistentes.

10.00 h: Presentación da xornada. Representante da Cámara de Comercio.

10.05 h: Adecuación efectiva e axustes razoables en accesibilidade

Concepto de accesibilidade:

Desenvolverase dende a súa orixe (sempre existiu) ata a actualidade e a aparición dos criterios de deseño universal. Ditos criterios son aplicables tanto ás tarefas de todo traballo como a todas as actividades da vida cotiá. Mostrarase como a accesibilidade é garantía e vehículo para poder alcanzar os dereitos humanos.

Lexislación e normativa de aplicación:

Darase a coñecer cal é a lexislación e normativa que afecta á accesibilidade, especialmente desenvolvendo os conceptos que nelas aparecen de Adecuación efectiva e Axustes razoables.

Aplicación:

Exporanse casos de aplicación dos conceptos menos claros da lexislación e da normativa vixente.

Obxectivos:

- Dar a coñecer o concepto de accesibilidade universal.
- Transmitir as súas consecuencias prácticas transversais a todos os temas e actividades. Entender a accesibilidade como mellora do confort e seguridade para todas as persoas.
- Achegar a lexislación vixente dando a coñecer os conceptos de Adecuación efectiva e Axustes razoables así como o fundamento ergonómico da normativa de accesibilidade.
- Mostrarase como a accesibilidade en espazos interiores, non só depende das persoas que os deseñan. As persoas evolucionan, a lexislación cambia coas demandas da poboación e con ela os espazos que usamos. Os espazos deben adecuarse e axustarse ás necesidades de todas as persoas, tendo en conta o envellecemento da poboación.

10:50 h: Rolda de preguntas.

Imparte:

Dona Luisa Miranda Ferreiro, pertencente á consultora Combina Social, representante do CERMI Galicia na Comisión de Accesibilidade do CERMI estatal, responsable do Grupo de traballo de Cocemfe España e participante nos Comités de Accesibilidade de UNE.

PERSOAS DESTINATARIAS:

Socias/os da Cámara de Comercio. En caso de quedar prazas dispoñibles admitiranse outras persoas autónomas e interesadas en xeral.

INSCRICIÓNS: www.camaracompostela.com

LUGAR DE REALIZACIÓN: Viveiro de Empresas da Cámara de Comercio de Santiago
(Polígono da Costa Vella. Rúa da República Checa, 40 baixo. 15707 Santiago de Compostela).

ENTRADA LIBRE PREVIA INSCRICIÓN - PRAZAS LIMITADAS Ó AFORO DA SALA